



1. Organización

Este sorteo está organizado polas Bibliotecas Municipais da Coruña en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña

2. Duración do sorteo e ámbito de aplicación

O sorteo é válido na cidade da Coruña. A data de inicio do sorteo será o mércores 16 outubro ás 10 horas, e finalizará o martes 22 de agosto ás 23.59 horas.

3. Requisitos e mecánica da participación no concurso

Poderás participar no concurso se:

- Segues en Instagram as Bibliotecas Municipais da Coruña (@bibcoruna)
- Subes a IG unha fotografía dun libro, disco, serie ou película en lingua galega que recomendes e porqué.
- Mencionas e etiquetas as Bibilotecas Municipais da Coruña (@bibcoruna) e usas os cancelos #AgoraSon19 e #sorteoAgoraSonOutono na publicación.

Entre todas as persoas que sigan estes pasos sorteamos **cinco convites dobres** para o concerto de Vudú - Xurxo Souto - Lydia Botana do AgoraSón Outono 2019 ademais de **10 libros en galego**.

Asignaráselle un número a cada participante e, mediante a ferramenta en liña Random.org seleccionárase ao azar cinco números e as persoas participantes ás que se lle tiveran asignado ditos números serán consideradas as gañadoras das 5 entradas dobres e dos 10 libros. O sorteo realizarase o mércores 23 de maio, e as persoas gañadoras daranse a coñecer inmediatamente despois mediante un comentario na propia publicación da persoa gañadora. Se a comunicación non é posible, ou en caso de renuncia, o xoves 24 de outubro ás 14.00h procederase a unha nova selección seguindo a mesma mecánica.

Os convites serán recollidos polas persoas gañadoras no Servizo Municipal de Bibliotecas da Coruña (rúa Durán Loriga, 10-1º) no horario de 9.00 a 20.00 h de luns a venres.

4. Comunicación e persoas gañadoras

A comunicación da persoa gañadora farase a través dun comentario na fotografía publicada en IG.

En casos de renuncia ou imposibilidade de establecer contacto, repetirase o sorteo. Se algunha das persoas gañadoras non responde antes do xoves 24 de outubro, perderá todo dereito a reclamar o premio e realizarase un novo sorteo.

5. Aceptación das bases

A participación neste sorteo supón a aceptación total das presentes bases.